



## COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

En Vigo a 18 de Outubro, reúnense os membros da Comisión delegada da Federación Galega de Balonmán, que figuran na relación, para tratar do seguinte orde do día:

- SEGURO DEPORTIVO

Asistentes:

Estamento de Clubs

Club AD. Carballal

Club Bm. Porriño

Club Bm. Seis do Nadal Coia

Club UB. Lavadores

Club E.B. Xiria

Estamento de Árbitros

Victor M. Rivera Diz

Preside a xuntanza o Presidente da Federación Galega de balonmán Xosé Luis Pérez Ouro e acompañao na mesa o responsable da Correduría de seguros Campos y Rial D. Luis Yáñez que é a correduría que intermedia o seguro na presente temporada 2017-18.

O presidente da Federación fai unha exposición acerca dos problemas para a contratación do seguro deportivo e indica que as condicións da póliza son as mesmas que as que existían con Allianz na derradeira temporada, e que son as que esixe a lei dentro do Real Decreto 849/1993 polo que se determina o seguro deportivo obrigatorio.

E consciente o presidente de que hai certo malestar co funcionamento do seguro contratado xa que non está a atender as lesións "non traumáticas".

Da una explicación o representante de Campos y Rial acerca do o que se considera accidente deportivo e que está cuberto así como tamén fai unha serie de consideracións para tratar de mellorar na medida do posible o funcionamento do mesmo.

Por parte dos membros da Comisión delegada en representación dos Clubs despois dunha serie de intervencións indican que:

- O seguro non está a cubrir o que realmente figura no Real Decreto de referencia.



- Estánse a ter problemas cando o parte de accidente é solicitado polo responsable do Club e non polo propio accidentado.
- Téñese que chamar a un 902 é que esto supón un custe extra.
- No están publicados os hospitais de referencia.

O representante de Campos y Rial fai una serie de consideracións para intentar solucionar os problemas das atención aos accidentados, quedando de emitir un documento para publicar na web da Federación e así intentar que nestes aspectos se mellore a atención aos deportistas.

Pregunta o Sr. Rivera acerca de si o árbitro ten que reflexar en acta ao xogador que se lesione, indicándolle o presidente de que salvo orde en contra por parte da RFEBm. si se debe de reflexar, tal e como se está a facer ata de agora.

Por outra banda o presidente da Federación indica que fará as consultas pertinentes tanto aos órganos xurídicos das administración competentes como a un gabinete xurídico privado, si fose preciso, para tratar de deixar claro que tipo de lesións cubre o mencionado Real Decreto e polo tanto a póliza contratada pola Federación.

E cando son as 21.30 horas dáse por pechada esta xuntanza.



Asdo. José Luis Pérez Ouro  
Pte. da Federación Galega de Balonmán